

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2007

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2007 o seu decimocuarto ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenvolvemento cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para invertir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, as distintas opcións tomouse a decisión de elixir a oferta prantexada pola entidade Baninver, S.A., Sociedad Gestora de Carteras, radicada en Vigo, para xestionar o noso capital no prazo de seis meses. Unha vez realizadas as oportunas xestións e formalizados os documentos, o presidente dou conta ao Padroado.

A decisión do Padroado sobre a xestións do noso capital veu a aliviar a situación económica da nosa entidade. Coa nova xestión do capital , a FUNDACIÓN NOVAS pudo afrontar máis proxectos.

O Padroado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 300 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda á Concello de Bueu, para colaborar no patrocinio do Outono Cultural, acontecemento socio-cultural que se celebrou no mes de novembro na vila, de Bueu. Tamén se tomou o acordo de conceder unha axuda de 700 euros á Asociación Moz@s de Beluso, para a organización da última edición de Festival de Trasno, que se celebrou no mes de agosto nunha zona de Cabo Udra, na parroquia de Beluso.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2007 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado